

ORDENANZA 3.24
TAXA POLA APERTURA DE EXPLORACIÓN S OU REGOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS DA VÍA PÚBLICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 20.A), do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa pola apertura de exploracións ou regos en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas da vía pública, a que se refire o art.20.3.f) do TRLFL, que se rexerá pola presente Ordenanza e cuías normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola apertura de exploracións ou regos en terreos de uso público, e calqueira remoción do pavimento ou das beirarrúas da vía pública

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria a favor das que se outorgan as licencias, ou os que realizan ou se benefician do aproveitamento sen a oportuna autorización.

Artigo 4º. Base imponible

Constitue a base imponible o número de metros cadrados de dominio público local ocupados pola apertura de exploracións ou regos ou pola remoción do pavimento ou das beirarrúas da vía pública.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultará de aplicar á base o 0.50% do valordo metro cuadrado de aproveitamento urbanístico fixado no Anexo polo número de días que é obxeto de reserva o dominio público local.
2. As ruas que non teñan fixado o valor do metro de aproveitamento urbanístico, terán un valor, a efectos da determinación da debida tributaria, de 354,10055 €

3. Asímesmo, sobre as devanditas cotas aplicaránse os índices de situación aplicables no cálculo da débeda tributaria no IAE, según a categoría da rúa donde se efectúe a apertura das exploracións ou regos ou a remoción do pavimento
4. En todo caso, e con carácter mínimo, esixirásese unha cota de 31,10 €
5. O valor do metro de aproveitamento urbanístico actualizarásese cada ano según o índice que se sinala na Lei de orzamento estatal para a actualización de valores catastrais

Artigo 6º. Normas de xestión

1. A taxa pola apertura de exploracións ou regos en terreos de uso público ou por calqueira remoción do pavimento ou das beirarrúas da vía pública esixirásese en réxime de declaración e liquidación simultánea
2. Os suxeitos pasivos están obrigados a presenta-la correspondente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e realizar o ingreso da autoliquidación da taxa resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.
No suposto de que se actúe de oficio, a Taxa esixirásese por liquidación provisional practicada pola Administración Tributaria Local.
3. De conformidade co previsto na lexislación vixente, cando se produzan desperfectos no pavimento ou instalacións da vía pública polos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, os titulares das licencias ou obrigados ao pagamento deberán pagar os gastos de reconstrucción e reparación ou reparar os danos causados, con independencia dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.

Artigo 7º. Infraccións e sancions

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancions correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación